



DISTRIBUCIÓN DE MÁSCARAS ENTRE O ALUMNADO

Estimados pais, nais, ou titores legais:

Informámoslles que no DOG do 13 de novembro aparece publicada a Orde do 6 de novembro de 2020 pola que se regulan os criterios e o procedementode distribución de máscaras entre o alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes públicos dependentes desta consellería e en centros privados concertados no curso 2020/21. Diario Oficial de Galicia nº 230, do 13.11.2020.

ALUMNADO DESTINATARIO:

-Non ten que presentar solicitude:

O alumnado beneficiario da axuda de material escolar no curso 2020/2021, que as recibirá sen necesidade de presentar solicitude.

-Ten que presentar solicitude:

O alumnado que non foi beneficiario da axuda de material escolar no curso 2020-2021 que cumpra algunha das seguintes condicións:

- Que pertenza a unha familia cunha renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €.
- Alumnado matriculado en educación especial.
- Alumnado suxeito a tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- Alumnado cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.

FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

Unicamente de forma presencial no centro educativo.

Pódense recoller os impresos no centro ou descargalos da nosa páxina web:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipalvarezlimeses/>

PRAZO DE PRESENTACIÓN:

Do 16 ao 27 de novembro (ambos incluídos). Mediante cita previa chamando ao teléfono 986 85 17 80

Reciban un cordial saúdo

Pontevedra a 16 de novembro de 2020

Berta Rubiano Segovia

Xefa de Estudos CEIP ÁLVAREZ LIMESES

